

FRANCISCO JAVIER OUBIÑA LODEIRO, DNI 35462673-P, EN CALIDADE DE SECRETARIO XERAL DO CONCELLO DE SILLEDA, POR MEDIO DA PRESENTE

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o 22 de novembro de 2013, adoptou entre outros o seguinte acordo:

"2.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO ADMINISTRATIVO DE SUBMINISTRO E OBRAS DENOMINADO "SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DUN SISTEMA DE PLACAS SOLARES FOTOVOLTÁICAS PARA AUTOABASTECIMENTO DO ALUMEADO EXTERIOR NO POLÍGONO EMPRESARIAL AREA 33 DE SILLEDA"

Expediente CT 2013/02

Acordo de adxudicación

Con data de 8 de novembro reuniuse a Mesa de contratación para a apertura do sobre B.

Informouse que según certificado emitido pola Secretaria Municipal, presentáronse en tempo e forma as seguintes empresas:

- GALEGA DE TÉCNICAS E INVESTIMENTOS, S.L.
- PRODIEL PROYECTOS DE INSTALACIONES ELÉCTRICAS, S.L.
- PABLO DAVID PAYNO OTERO
- GRUPO RENDER INDUSTRIAL INGENIERÍA Y MONTAJES, S.L.
- ALTERNA RECURSOS ENERGÉTICOS, S.L.
- ENSOVAL ENERGÍA, S.L.
- FORMATESA LALIN S.L.
- ELA INGENIERÍA Y MEDIO AMBIENTE S.L.
- ELECTRIFICACIONES DEL NORTE, S.A. (ELEC NOR)

Que se lle requiriu ás seguintes empresas que subsanaran a documentación administrativa

- GALEGA DE TÉCNICAS E INVESTIMENTOS, S.L.
- PRODIEL PROYECTOS DE INSTALACIONES ELÉCTRICAS, S.L.
- PABLO DAVID PAYNO OTERO
- ALTERNA RECURSOS ENERGÉTICOS, S.L.
- ENSOVAL ENERGÍA, S.L.
- FORMATESA LALIN S.L.
- ELA INGENIERÍA Y MEDIO AMBIENTE S.L.

Que presentada a documentación subsanan as empresas requiridas agás as seguintes e polos seguintes motivos:

- **PABLO DAVID PAYNO OTERO**

Non acredita a solvencia técnica xa que únicamente presenta o documento de instalador de baixa tensión, categoría especialista, cando o que se solita no apartado 3.2.b) da cláusula sexta do prego é a indicación do persoal técnico.

- ELA INGENIERÍA Y MEDIO AMBIENTE S.L.

Non xustifica a solvencia técnica xa que as certificacións aportadas ao amparo do previsto no apartado 3.2.a) da cláusula sexta do prego se refiren a contratos de servizos e non de subministros e a declaración responsable dos contratos de SELNOR S.L., non poden aceptarse a efectos da acreditación da solvencia técnica ao non haberse presentado como UTE.

Que se procedeu á apertura do sobre C, que contén a documentación ponderable a través de xuízos de valor. A mesa, á vista da documentación presentada polas diferentes Empresas, acordou solicitar informe de unha persoa cualificada co fin de valorar as propostas formuladas.

Que con data de 5 de novembro de 2013 emítiuse o informe e a mesa se reuniu outorgando as seguintes puntuacións:

Empresa	Valoración do equipamento accesorio	Xustificación	Puntuación	Ampliación do periodo de garantía	Puntuación garantía
GALEGA DE TÉCNICAS E INVESTIMENTOS, S.L.	39.850,00	Mellora da instalación do alumado, orientada ao aforro enerxético, propón o subministro e instalación de 200 reactancias electrónicas multinivel para lámpadas de descarga VSAP 100W.	8,08	9	10,00
GRUPO RENDER INDUSTRIAL INGENIERÍA Y MONTAJES, S.L.	49.302,48	Mellora da instalación de captación energética, reforzando a capacidade de produción e	10,00	4	4,44

		autonomía			
PRODIEL PROYECTOS DE INSTALACIONES ELÉCTRICAS, S.L.	0,00	Non propoñen ningún tipo de mellora	0,00	2	2,22
ALTERNA RECURSOS ENERGÉTICOS, S.L.	0,00	Non propoñen ningún tipo de mellora	0,00	2	2,22
ENSOVAL ENERGÍA, S.L.	0,00	Non propoñen ningún tipo de mellora	0,00	4	4,44
FORMATESA LALIN S.L.	0,00	Mantenemento da instalación por dous anos rexeitándose ao non establecerse dita mellora no prego	0,00	1	1,11
ELECTRIFICACIONES DEL NORTE, S.A.	10.442,33	Elementos para reforzar a instalación fotovoltaica no seu conxunto	2,12	1	1,11

Acto seguido procédese á apertura do sobre B, oferta económica obténdose a seguinte puntuación:

Empresa	Prezo ofertado	Puntuación	Prazo de execución	Puntuación
GALEGA DE TÉCNICAS E INVESTIMENTOS, S.L.	91.796,19	4,57	10	20,69
GRUPO RENDER INDUSTRIAL INGENIERÍA Y MONTAJES, S.L.	88.835,02	4,72	1	30,00
PRODIEL PROYECTOS DE INSTALACIONES ELÉCTRICAS, S.L.	91.783,88	4,57	10	20,69
ALTERNA RECURSOS ENERGÉTICOS, S.L.	83.899,74	5,00	15	15,52
ENSOVAL ENERGÍA, S.L.	94.824,48	4,42	12	18,62

FORMATESA LALIN S.L.	86.860,91	4,83	21	9,31
ELECTRIFICACIONES DEL NORTE, S.A.	93.069,49	4,51	7	23,79

En consecuencia a mesa de contratación propuxo como adxudicatario do contrato mixto de subministro e obra denominado "SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DUN SISTEMA DE PLACAS SOLARES FOTOVOLTÁICAS PARA AUTOABASTECIMENTO DO ALUMEADO EXTERIOR NO POLÍGONO EMPRESARIAL AREA 33 DE SILLEDA" a GRUPO RENDER INDUSTRIAL INGENIERÍA Y MONTAJES, S.L., quedando en orde decrecente segundo as ofertas presentadas as seguintes empresas:

Empresa	Equipamento accesorio	Garantía	Prazo	Prezo	Puntuación total
GRUPO RENDER INDUSTRIAL INGENIERÍA Y MONTAJES, S.L.	10,00	4,44	30,00	4,72	49,16
GALEGA DE TÉCNICAS E INVESTIMENTOS, S.L.	8,08	10,00	20,69	4,57	43,34
ELECTRIFICACIONES DEL NORTE, S.A.	2,12	1,11	23,79	4,51	31,53
PRODIEL PROYECTOS DE INSTALACIONES ELÉCTRICAS, S.L.	0,00	2,22	20,69	4,57	27,48
ENSOVAL ENERGÍA, S.L.	0,00	4,44	18,62	4,42	27,48
ALTERNA RECURSOS ENERGÉTICOS, S.L.	0,00	2,22	15,52	5,00	22,74
FORMATESA LALIN S.L.	0,00	1,11	9,31	4,83	15,25

Con data de 8 de novembro e por acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local requiríuselle á empresa para que de conformidade co disposto na cláusula 14ª do prego de cláusulas administrativas particulares presentara no prazo de 5 días hábiles a seguinte documentación:

1.- Presentación da constitución da garantía do 5% da oferta económica presentada e que ascende á cantidade de 4.441,75 € garantía podera constituirse por calesquera dos seguintes medios:

a) En efectivo ou en valores de Débeda Pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento desta lei. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais das delegacións de Economía e Facenda, ou nas caixas ou establecementos públicos equivalentes das comunidades autónomas ou entidades locais contratantes ante as que deban producir efecto, na forma e coas condicións que as normas de desenvolvemento desta lei establezan.

b) Mediante un aval, prestado na forma e nas condicións que establezan as normas de desenvolvemento desta lei, por algún dos bancos, caixas de aforros, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberá depositarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

c) Mediante un contrato de seguro de caución, realizado na forma e nas condicións que as normas de desenvolvemento desta lei establezan, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no sector. O certificado do seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

2.- Certificado de non ter débedas de natureza tributaria co Estado, coa Comunidade Autónoma de Galicia e co Concello de Silleda en período executivo.

3.- Certificación positiva de estar ao corrente nas súas obrigas coa Seguridade Social.

Con data de 20 de novembro de 2013 o GRUPO RENDER INDUSTRIAL INGENIERÍA Y MONTAJES, S.L., presenta a documentación requerida en prazo.

Polo exposto a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda o seguinte:

Primeiro.- ADXUDICAR o contrato administrativo de subministro e obras denominado "SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DUN SISTEMA DE PLACAS SOLARES FOTOVOLTÁICAS PARA AUTOABASTECIMENTO DO ALUMEADO EXTERIOR NO POLÍGONO EMPRESARIAL AREA 33 DE SILLEDA" a GRUPO RENDER INDUSTRIAL INGENIERÍA Y MONTAJES, S.L. CIF b-10298081 ao presentar a oferta economicamente máis vantaxosa dacordo coa clasificación que por orde decrecente fixo a Mesa de Contratación e que é a seguinte:

Empresa	Equipamento accesorio	Grantía	Prazo	Prezo	Puntuación total
GRUPO RENDER INDUSTRIAL INGENIERÍA Y MONTAJES, S.L.	10,00	4,44	30,00	4,72	49,16
GALEGA DE TÉCNICAS E INVESTIMENTOS, S.L.	8,08	10,00	20,69	4,57	43,34
ELECTRIFICACIONES DEL NORTE, S.A.	2,12	1,11	23,79	4,51	31,53
PRODIEL PROYECTOS DE INSTALACIONES ELÉCTRICAS, S.L.	0,00	2,22	20,69	4,57	27,48
ENSOVAL ENERGÍA, S.L.	0,00	4,44	18,62	4,42	27,48
ALTERNA RECURSOS ENERGÉTICOS, S.L.	0,00	2,22	15,52	5,00	22,74
FORMATESA LALIN S.L.	0,00	1,11	9,31	4,83	15,25

Segundo.- O contrato adxudícase por un importe de 88.835,02 euros, mais 18.655,35 euros en concepto de IVE o que totaliza un prezo da adxudicación do contrato IVE engadido de CENTO SETE MIL CATROCENTOS NOVENTA EUROS CON TRINTA E SETE CÉNTIMOS (107.490,37 €).

Terceiro.- O Contratista deberá executar o contrato dacordo co prego de cláusulas administrativas e o proxecto redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial Don Esteban García Ferreira coas melloras ofertadas no sobre C que en resumo son as seguintes: Mellora da instalación de captación enerxética, reforzando a capacidade de produción e autonomía e que se cuantificaron en 49.302,48 €.

Cuarto.- Requirille ao adxudicatario, para que no prazo de quince días hábiles contados a partires do día seguinte ao da notificación do presente acordo proceda a formalizar o contrato. O contrato iniciarase coa sinatura da acta de comprobación do replanteo do xeito en que se indica no apartado 1.3 do prego de condicións xerais do proxecto, sendo o prazo para a execución do contrato dun día.

Quinto.- Nomear director da obra a Abraham Castro Neira.

Sexto.- O prazo de garantía será de 5 anos.

Sétimo.- Notificar o presente acordo a todas as empresas participantes e dar publicidade do mesmo no perfil do contratante do Concello de Silleda.

Oitavo.- Contra este acordo que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse de conformidade co disposto no Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de Contratos do Sector Público o recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 52 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 30 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ante o Pleno no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa), todo ilo sen perxuízo de que poida exercitar calquera outra actuación que estime pertinente para a defensa dos seus dereitos."

E para que conste, e aos efectos oportunos, expido a presente co visto e prace do Sr. Alcalde, en Silleda a 22 de novembro de 2013.

Vº e Prace
O ALCALDE



Asdo: Manuel Cuiña Fernández

O SECRETARIO XERAL



SECRETARIA